

municipal. No mesmo acto de presentación da solicitude deberá o suxeito pasivo autoliquidar a taxa correspondente, segundo as tarifas fixadas no artigo 5º da presente ordenanza fiscal e utilizando o modelo establecido para tal fin.

Tramitado o expediente e previamente ó outorgamento da licenza, practicarase a liquidación tributaria correspondente, confirmando a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo ou xerando unha liquidación complementaria se esta fora maior que a autoliquidada no seu día ou procedendo á devolución de ingresos nos supostos que fora menor.

Se a resolución administrativa fora denegatoria da pretensión formulada por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederase á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

- En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas as distintas ocupacións ou reservas.
- Unha vez autorizado o aproveitamento, entenderase prorrogado mentres que o interesado non presente a declaración de baixa.
- No caso de entrada de carruaxes e reserva de espazo, as declaracións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos no padrón do período impositivo seguinte.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no cuadrimestre seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

14.º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENSINANZAS ESPECIAIS EN ESTABLECEMENTOS DOCENTES DAS ENTIDADES LOCAIS (ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E CONSERVATORIO ELEMENTAL).

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e polos artigos 20 e 57 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da citada Lei, acorda a imposición e ordenación da Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes municipais (Escola municipal de música e Conservatorio elemental).

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos de ensinanzas especiais nos establecementos docentes municipais.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

CONCEPTO	€/TRIMESTRE/PERSOA
Música e Movemento (de 4-8 anos)	59,25 €
Instrumento	66,85 € (1/2 h semana)
Linguaxe Musical	29,75 €
Coro (a partir de 18 anos)	18,50 €
Informática Musical	20,85 €
Coro infantil - xuvenil	10,00 €
Servizo de pianista acompañante	18,55 €/mes (1/2 h semana)

CONSERVATORIO ELEMENTAL

CONCEPTO	€/TRIMESTRE/PERSOA
Instrumento, linguaxe musical i Educación vocal e Auditiva	148,35 €
Instrumento(2ª especialidade)*	49,50 €
Curso de preparación do acceso do alumnado ao grao elemental**	15,65 € (10 h.)
Probos de acceso a 1º de Grado Elemental(taxa de inscrición)	26,10 €
Probos de acceso a 2º, 3º e 4º de Grado Elemental(taxa de inscrición)	31,25 €
Servizo de pianista acompañante	18,55 €/mes (1/2 h semana)

*A Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao Elemental das Ensinanzas de réxime especial de música, recolle no artigo III. 2 o seguinte:

“Os aspirantes a ingresar noutros cursos do grao elemental poderán realizar as probas de acceso para máis dunha especialidade, e disporán dun máximo de dúas convocatorias por especialidade e curso”. Calquera alumno/a matriculado no centro poderá acceder, mediante a proba de acceso correspondente, a cursar unha nova especialidade instrumental (Circular 4/2008, apartado IV.1 e IV.2.

A Circular 21/2008 que ordena a avaliación e cualificación do alumnado que cursa o grao elemental, especifica no seu artigo 6:

“6.1 O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias ou teña avaliación negativa, como máximo, nunha materia.

6.2 No suposto de materias pendentes referidas á práctica instrumental ou vocal, a súa recuperación realizarase na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior”

** O Decreto 198/2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, recolle na Disposición Adicional 8ª:

Preparación das probas.

1. Para os efectos de preparar o acceso do alumnado ás ensinanzas do grao elemental, e segundo a dispoñibilidade dos centros, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar aos centros que o soliciten un curso ou curso preparatorio, previo ao grao elemental e coa duración que se determine, que non terá carácter oficial para os efectos de selección, promoción, permanencia e avaliación do alumnado.

2. En relación co disposto no punto anterior, a eventual superación deste curso por parte do alumnado non lle dará dereito á continuación dos estudos no grao elemental.

ACTIVIDADES DE CONXUNTO. SERÁN GRATUÍTAS.

- Coro Municipal: 2 e ½ horas á semana, divididas en: 1 e ½ hora Coro Municipal e 1 hora Coro propedéutico Municipal.
- Banda: 1 e ½ hora semanal (para alumnado de escola e conservatorio das especialidades de vento madeira, vento metal e percusión).
- Orquestra Orff: 1 hora semanal, para alumnado da escola que non teñan especialidade instrumental ou estean a comezar con algunha.
- Orquestra: 1 e ½ hora semanal para alumnado da Escola e Conservatorio (de corda frotada, vento madeira, vento metal e percusión).

No momento de facer a matrícula, o alumnado terá que marcar unha das actividades de conxunto, dependendo das circunstancias particulares de cada alumno/a.

INSCRIPCIÓN

Os alumnos/as que se matriculen no Conservatorio ou na Escola de Música, pagarán unha taxa de 23,05 €/anual, que será aboada no mes de xuño.

Artigo 6º. – Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7º. – Percepción.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos ou a realización das actividades.

Artigo 8º. – Normas de xestión.

Escola de Música: A cota trimestral de ensinanza é obrigatoria dende o día primeiro de cada trimestre, ou aquel en que teña lugar a reincorporación ou alta como consecuencia de baixa previamente comunicada, debendo satisfacerse no domicilio bancario sinalado polo interesado, á presentación dos recibos.

As baixas superiores a un trimestre eximirán do pagamento, sempre que se comuniquen no Rexistro Xeral do Concello dentro dos 10 últimos días do trimestre.

Conservatorio Elemental: o alumnado que se matricula nas ensinanzas de Grao Elemental, faino polo total do curso, non contemplando a posibilidade de partir as ensinanzas do grao elemental por trimestres.

Calquera alumno/a poderá darse de baixa no Grao Elemental durante o curso académico, o cal no eximirá do pago total das taxas do ano en curso. Para volver a acceder aos estudos de Grao Elemental, deberá pasar unha proba de acceso específica acorde ao nivel e curso ao que pretende acceder. A estes efectos, o curso no cal tramita a baixa, a efectos académicos e de permanencia no Grao Elemental, compútase enteiro.

Para o suposto de que por causas alleas ós alumnos (enfermidade dos docentes.....) non se preste o número de horas lectivas previstas, procederase ó prorrateo da cota correspondente.

No caso de devolución dun recibo pola entidade bancaria correspondente, notificárase por escrito ós alumnos, establecéndose o prazo dun mes dende a data de notificación para que os interesados fagan efectivo o abono do importe do recibo na conta bancaria que se lles indique. No caso de non realizar dito pagamento no prazo previsto procederase á baixa do alumno na Escola e Conservatorio de Música. No caso de baixa por non pagamento das taxas correspondentes de alumnado do Conservatorio Elemental, o curso non cal se lle dea de baixa, a efectos de permanencia no grao elemental, computaráselle enteiro. Unha vez tramitada a baixa, non poderán volver a realizar estudos no conservatorio sen ter superada unha proba de acceso específica, aínda que aboen a débeda.

De producirse a devolución dos recibos enviados ó banco, os gastos ocasionados correrán a cargo do titular do recibo.

Artigo 9º.—Infraccións e sancións.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e na normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

15º.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE SUMIDOIROS.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

1.— Constitúe o feito imponible da Taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiro municipal.
- b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiro municipal.

2.— Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do sumidoiro.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

1.— Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licenzia de acometida á rede, o propietario, usufrutuário ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termino municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuários, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2.— En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, en quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

De conformidade co artigo 36.3 da LXT, en concordancia co artigo 23.2 do TRLRFL será o substituto o suxeito pasivo que, por imposición da lei e en lugar do contribuínte, este obrigado a cumprir a obriga tributaria.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.